



Volverlles a palabra

Homenaxe aos represaliados no franquismo

Coordinadores: Baldo Ramos e Xoán Carlos Domínguez Alberte

Volverlles a palabra é o intento de lles render unha solidaria e conmovida homenaxe a todas as mulleres e homes que foron represaliados pola ditadura franquista por pensar e vivir libremente nun país que comezaba a nacer.

As palabras que lles roubaron o odio e a intolerancia son motivo de inspiración para os escritores e artistas plásticos que colaboraron xenerosamente, enviando obras inéditas, con este exercicio de restitución.

Tentamos implicar o maior número para que a devolución da palabra fose plural e definitiva. Ao noso chamado tiveron a ben responder as voces que fan posíbel este clamor. Que agrome nelas o futuro que a tantos inocentes lles negaron e que na nosa memoria se dean por vingados.

O volume contén contribucións escritas e gráficas de: Marilar ALEIXANDRE, ALEXANDRO, An ALFAYA, Xesús ALONSO MONTERO, Manuel ÁLVAREZ TORNEIRO, Anxo ANGUEIRA, Blanca BARRIO, Carmen BLANCO, Mané BOÁN, Xurxo BORRAZÁS, Pilar BUELA, Marica CAMPO, Darío Xohán CABANA, Víctor CAMPIO PEREIRA, Xosé Carlos CANEIRO, Ramón CARIDE OGANDO, Arturo CASAS, Delfín CASEIRO, Francisco CASTRO, María DO CEBREIRO, Olalla COCIÑA, Alfonso COSTA, Bento DA CRUZ, Marta DACOSTA, Isaac DÍAZ PARDO, X. Antón L. DOBAO, Xoán Carlos DOMÍNGUEZ ALBERTE, Estíbaliz ESPINOSA, Xosé FERNÁNDEZ FERREIRO, Francisco X. FERNÁNDEZ NAVAL, Celso FERNÁNDEZ SANMARTÍN, Manuel FIGUEIRAS, Salvador GARCÍA-BODAÑO, Raúl GÓMEZ PATO, Carlos GONZÁLEZ VILLAR, Bieito IGLESIAS, Marcos JUNCAL, Arcadio LÓPEZ-CASANOVA, Antón LOPO, Xulio LÓPEZ VALCÁRCEL, Igor LUGRIS, Paula MARIÑO, Paco MARTÍN, Franck MEYER, Xosé Manuel MILLÁN OTERO, B. MOREIRAS, Xosé NEIRA VILAS, Isidro NOVO, Olga NOVO, Pablo OTERO, Manuel OUTEIRIÑO, Pilar PALLARÉS, Chus PATO, Francisco PAZOS, Emma PEDREIRA, Baldo RAMOS, Antón RIVEIRO COELLO, Manoel RIVEIRO LOUREIRO, Elvira RIVEIRO TOBÍO, Claudio RODRÍGUEZ FER, Xurxo SIERRA VELOSO, Vítor VAQUEIRO, Eva VEIGA, Manuel VEIGA, Martín VEIGA, José VIALE MOUTINHO, Manuel VIDAL VILLAVERDE, Manuel VILANOVA, Miro VILLAR, VIRXILIO e Xosé VIZOSO.

EXTRACTO DO PRÓLOGO

«Estou plenamente convencido de que cómpre «volverlles a palabra» aos represaliados pola barbarie do franquismo. Xa non está na nosa man devolverlles a vida, nin libéralos dos anos de prisión, nin impedir aldraxes e calumnias, pero está na nosa man, aínda que tarde, evocar a súa verdadeira voz, facelos falar desde a súa dignidade. Matáronos ou perseguíronos porque, desde a súa honradez republicana, «amaron a verdade e practicaron o ben» (como proclama o epitafio masónico, en Mondoñedo, de Manuel Leiras Pulpeiro, médico filántropo e poeta).

No 36, xentes infames maquinaron e armaron unha inicua revolta contra a cultura, contra a escola e contra os dereitos elementais, todo para favoreceren, aínda máis, os privilexiados de sempre, os retrógrados de sempre e as vellas sotanas do país. Amar a verdade e practicar o ben era delito. E os infames, despois de matar e encarcerar, sementaron o terror durante corenta anos. Cos infames (case sempre das castes privilexiadas) estaban, moitas veces, xentes de humilde condición, que, na súa alienación, nin sequera sabían que os seus amos e indutores eran os seus verdadeiros inimigos, os responsables concretos das súas fames e das súas ignorancias. Desde sempre.

Os infames e os seus domesticados colaboradores crearon durante décadas un universo de medo, de adulación, de resignación e de conformismo en toda a xeografía española. Algúns, non obstante (quizais non moitos), arrepuxéronse a ese clima abafante, aínda sabendo que as prisións eran inhumanas, as condenas eternas e que, nas comisarías de policía, imperaba a brutalidade e a tortura. Tamén aos que se arrepuxeron hai que «volverlles a palabra». Algúns foron heroicos.

O presente volume, ideado e coordinado por Xoán Carlos Domínguez Alberte e Baldo Ramos, está, de cheo, nese compromiso: o de «volverlles a palabra» a todos aqueles que non puideron falar e, sobre todo, a aqueles que decidiron falar, pagando, tantas e tantas veces, un duro prezo, o que impuña a barbarie franquista. Conscientes deste compromiso, Ramos e Domínguez Alberte non repararon en esforzos para que un número importante de voces de hoxe se xuntasen, nesta tribuna da dignidade civil, para «volverlles a palabra» —simbolicamente, cando menos— a miles e miles de homes e de mulleres que, para moitos de nós, están na raíz dos nosos mellores compromisos

cívicos.»

XESÚS ALONSO MONTERO

Distribución: Consorcio Editorial Galego

PVP: 16,70 euros

ISBN: 978-84-935223-1-5

Colección Eidos, n.º 5. 128 páxinas en cor e branco e negro. Capas en cor. Encadernación en capa mole, con lapelas. 19 x 15,5 cm. Primeira edición: decembro de 2006.

Coedición coa Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, coa colaboración da Asociación Arraianos